

Informe da Directora

Xunta de Escola, 20 de decembro de 2023

1 Actividades de representación

A directora informa da asistencia ás seguintes actividades de representación do centro:

- 13 de decembro. Asistencia ao acto de presentación do *Catálogo de Recursos Naturais de Galicia*, que tivo lugar no *CIS Tecnoloxía e Deseño de Ferrol*. O traballo foi realizado como colaboración da COMG e a Subdirección Xeral de Recursos Minerais de Galicia. A finalidade é crear un Catálogo de Recursos Naturais de Galicia co obxectivo de promover e difundir o potencial mineiro galego, e en especial, o que poida considerarse de carácter estratéxico. Información no link <https://www.materioteca.gal/es/>
- 19 de decembro. Asistencia ao acto de presentación do proxecto SPACELAB á Directora da Axencia Galega de Innovación na UVIGO.

2 Divulgación Científica e Captación de Alumnado n

2.1 Sesións informativas (a través do SIE)

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante
18/12/2023	IES Félix Muriel (Rianxo)	1º Bach	7	Raquel Pérez

2.2 Conferencias nos IES

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
15/12/2023	IES 12 de Outubro (Ourense)	2º Bach	19	Benito Vázquez	Física Re-creativa: Luz e Cor

2.3 Taller recoñecemento minerais

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Lugar
19/12/2023	CPI Vedra (Vedra)	1º ESO	53	Iago Pozo e Iago Villarino	Centro

2.4 Aula Aberta TecnoCiencia

Data	Colexio/IES	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
------	-------------	-------	-------------------	------------------	------------

18/12/2023	IES As Bizocas (O Grove)	3º ESO	43	Francisco Deive María Pazo	Enx. Química Materiais Intelixentes
------------	--------------------------	--------	----	-------------------------------	---

2.5 Outras actividades

Data	Actividade	PDI participante	Alumnado participante	Lugar
12/12/2023	Gravación vídeo promocional das titulacións (Uvigo-TV)	Francisco Deive e Ana Rodríguez Manuel Fernández e Andrés Cristóbal Raquel Pérez Daniel Lamas e Francisco García Pablo Eguía	Francisco Rodríguez Álvaro Diéguez Mª Victoria Oposo Alumnado 3º Graos Alumnado 4º GEE Alumnado 2º MUIM	EME

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez a labor de coordinación.

3 Sistema Garantía Calidade

3.1 Enquisas Satisfacción empregadores

Publicáronse os resultados das enquisas de satisfacción coas titulacións de empregadores, resultados dos que se presentan os datos mais relevantes:

	Valoración			Participación		
	Titulación	Centro	UVIGO	Titulación	Centro	UVIGO
Grao en Enx. da Enerxía	4,40	4,51	4,28	100%	100%	36%
Grao en Enx. dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	4,67	4,51	4,28	100%	100%	36%
Máster en Enx. de Minas	4,48	4,51	4,28	100%	100%	36%

3.2 Programa DOCENTIA

Está habilitada a convocatoria do *IV Programa Docentia Quinquenal*. O prazo para presentar as solicitudes de participación remata o día 8 de xaneiro e a partir da data de publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas realizarase unha sesión informativa sobre a convocatoria para o profesorado da Escola.

Agradécese a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade e as persoas que participaron en diferentes actividades do SGIC.

4 Desenvolvemento titulacións

4.1 Visita estudantado primeiro curso

O pasado 15 de decembro tivo lugar a visita ás instalacións de *Plymouth Rubber* preparada para todo o estudantado de primeiro curso. Agradécese a Fran Deive a labor de organización da actividade.